


Nick (Usuario): _____

Data: _____

Completa o esquema.



Principais partes das plantas. Relaciona.

Raíz	Son os órganos encargados de facer a fotosíntese.
Talo	É a parte que está baixo terra.
Follas	É a parte que permite que a planta se sosteña de pé.

Completa.

A parte superior da folla chámase _____ e a inferior _____. É nesta última onde se atopan os _____, uns poros que permiten a realización do intercambio de _____ entre a planta e o aire.

Os _____ son os tubos que percorren o interior da planta polas follas, talo e raíces. Poden ser de dous tipos: _____, que conectan as raíces coas follas, e _____, que unen as follas coas outras partes da planta.

Escolle a opción correcta.

As plantas anxiospermas e as plantas ximnospermas diferéncianse en que:

As plantas anxiospermas teñen flores e as ximnospermas non teñen flores.

As plantas anxiospermas teñen froito e as sementes están dentro del mentras que as plantas ximnospermas non teñen froito polo que as sementes non están recubertas.

As plantas anxiospermas non teñen froito polo que as sementes non están recubertas mentras que as plantas ximnospermas teñen froito e as sementes están dentro del.

Realmente, non hai ningunha diferenza.

Observa o debuxo e escolle a opción correcta.



É unha planta con flores ximnosperma porque ten froito.

É unha planta con flores ximnosperma porque non ten froito.

É unha planta con flores anxiosperma porque ten froito.

É unha planta sen flores porque ten froito.

Completa.

*As plantas son capaces de fabricar o seu propio alimento, é dicir, son


*A combinación de auga e sales minerais que a planta absorbe pola raíz é o

*Para realizar a fotosíntese, as plantas captan a luz solar grazas a unha substancia de cor verde chamada

*O alimento da planta, obtido durante a fotosíntese, chámase

*Ademais, durante a fotosíntese as plantas desprenden

O proceso da fotosíntese. Arrastra.



Ordena as fases da alimentación das plantas numerándoas do 1 ao 4


Realización da fotosíntese. ☐

Absorción de dióxido de carbono do aire ☐

Absorción de auga e sales minerais mediante as raíces. ☐

O zume elaborado distribúese por toda a planta. ☐

Coloca o nome das partes da flor no seu lugar.



cáliz corola estames estigma pétalo pistilo óvulos sépalo

Completa.

Os gametos femininos ou son producidos no

Os gametos masculinos ou son producidos nos

Ordena as fases da reprodución sexual das plantas.

xerminación

polinización

crecemento
da semente


fecundación

1.	2.	3.	4.
----	----	----	----

Selecciona as maneiras en que, na maioría das veces, ocorre a polinización.

polo vento polas sementes por esporas polos insectos por pétalos

Coloca cada tipo de reproducción asexual das plantas onde corresponda.



Tubérculos

Rizomas

Barbados

Bulbos

Gallos

Como se chaman?

*Os órganos subterráneos que gardan nutrientes e dos que medran certas plantas como a pataca, a cenoria ou a remolacha.

*Os fragmentos das plantas que se separan e se plantan na terra para facer medrar outra planta como o xeranio, a hortensia ou a oliveira.

*Os movementos da planta producidos por un axente externo (presenza da auga, luz, gravidade...) e que teñen como consecuencia o crecemento de dita planta.

*Os movementos da planta rápidos e reversibles que non teñen como consecuencia o crecemento de dita planta.

Para rematar. Sinala o esquema que representa o intercambio de gases que se produce na fotosíntese.

